



XUNTA  
DE GALICIA

## O Plan eConcellos

Documento resumo



## ÍNDICE DE CONTIDOS

|   |           |
|---|-----------|
| <b>1. PLAN ECONCELLOS .....</b>                                 | <b>1</b>  |
| 1.1. INTRODUCCIÓN AO PLAN ECONCELLOS.....                       | 1         |
| 1.2. ALCANCE DAS ACTUACIÓNS DO PLAN ECONCELLOS.....             | 1         |
| <b>2. MARCO LEGAL .....</b>                                     | <b>2</b>  |
| <b>3. MARCO ESTRATÉXICO.....</b>                                | <b>5</b>  |
| 3.1. PRINCIPIOS ESTRATÉXICOS DO PLAN ECONCELLOS.....            | 5         |
| 3.2. OBXECTIVOS DO PLAN .....                                   | 6         |
| 3.3. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN .....                      | 7         |
| <b>4. PRINCIPAIS BENEFICIOS DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN.....</b> | <b>9</b>  |
| <b>5. PROGRAMAS FACILITADORES .....</b>                         | <b>11</b> |
| <b>6. SITUACIÓN ACTUAL .....</b>                                | <b>12</b> |

## 1. PLAN ECONCELLOS

### 1.1. INTRODUCCIÓN AO PLAN ECONCELLOS

O Plan eConcellos nace como vehículo para a consecución dos obxectivos de modernización das Administracións Locais galegas.

Existen diversas iniciativas de administración electrónica nas Entidades Locais galegas, pero é fundamental a coordinación entre as entidades locais e autonómica para:

- » **O aproveitamento das experiencias**, sistemas e iniciativas existentes, así como para evitar inversións redundantes;
- » **Apoiar a xestión interna dos concellos** a través de medios que garantan a simplificación e flexibilidade na xestión.
- » **Facilitar un grao de soporte tecnolóxico óptimo e economicamente sostible** nos concellos de Galicia orientado a tres niveis: infraestruturas, servizos e aplicacións.

### 1.2. ALCANCE DAS ACTUACIÓNS DO PLAN ECONCELLOS

O Plan eConcellos senta as bases dun **desenvolvemento coordinado e sostible da administración electrónica** nas Administracións Locais galegas. Para asegurar o alcance do Plan, trabállase en coordinar, potenciar e complementar os proxectos provinciais de xeito que as actuacións dentro do Plan permitan dar maior valor ás inversións realizadas e melloren a penetración da eAdministración na sociedade galega.

O Plan eConcellos está orientado á participación de todos os implicados na administración local de Galicia:

- » Deputacións Provinciais
- » Cidades
- » Concellos
- » Mancomunidades e outras entidades locais

No estado de desenvolvemento da eAdministración detectouse que **o grupo con maior dificultade e menor desenvolvemento** é o formado polos **concellos con menos de 30.000 habitantes**. Por esta razón algunhas medidas do Plan eConcellos van encamiñadas a reducir esta desigualdade en canto á implantación da administración electrónica, de xeito que non exista discriminación por motivos territoriais e todos os galegos poidan beneficiarse das bondades da eAdministración.

## 2. MARCO LEGAL

Os obxectivos de modernización veñen recollidos en distintas normativas, que deron lugar ao nacemento do Plan eConcellos.

- **Lei 11/2007, do 22 de Xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos**

Coa entrada en vigor da **lei 11/2007, do 22 de Xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos** xorde a necesidade de plantexar un novo modelo de relación entre os cidadáns e as Administracións. Dito modelo permite ao cidadán ver ás Administracións como organismos máis accesibles e uniformes, e ademais pasa a ser o eixo central da estratexia de prestación de servizos das Administracións.

Para garantir o acceso electrónico, a lei presenta **dous obxectivos principais**:

- » O **dereito dos cidadáns a comunicarse coas Administracións Públicas por canles electrónicas**, o que se transforma na obriga para as administracións de proporcionar ditas canles electrónicas.
- » A **obriga das Administracións a comunicarse e compartir información e documentos por canles electrónicas** de xeito que os cidadáns non precisen aportar documentación que xa estea en posesión das mesmas.

Para asegurar o cumprimento destes obxectivos, a Xunta de Galicia quere **liderar un novo marco de cooperación que axude ao desenvolvemento da Administración Electrónica nas entidades locais e que elimine as barreiras**, xa sexan políticas, económicas ou tecnolóxicas, que limiten a modernización das administracións galegas.

- **Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia, as Deputacións Provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da e-Administración en Galicia**

Froito do espírito de colaboración que se asina en Setembro de 2009 o *'Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia, as Deputacións Provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da e-Administración en Galicia'* que establece un marco de coordinación para o desenvolvemento da eAdministración en calquera ámbito da comunidade galega.

Como instrumento permanente de coordinación e colaboración administrativa constitúese a '**Comisión de dirección da Administración Electrónica en Galicia**' formada por:



Ilustración: Comisión de dirección da eAdministración en Galicia

Baixo a dirección da '**Comisión de dirección da Administración en Galicia**' constitúese a '**Comisión técnica e funcional de Administración local**' que permite a elaboración dun informe da situación actual da eAdministración nas EELL galegas e dun plan de actuación para o seu desenvolvemento.

- **Decreto eAdministración da Xunta de Galicia**

O Consello da Xunta aprobou o día 2 de Decembro de 2010 o **Decreto 198/2010 que establece o marco de desenvolvemento da Administración electrónica na Administración pública galega**. O obxectivo é avanzar na mellora da calidade e da eficacia dos servizos ofrecidos e no impulso da Administración electrónica para unha maior eficiencia interna e nas relacións intra e interadministrativas. Trátase de conseguir unha **Administración máis transparente e aberta aos cidadáns as 24 horas os 365 días do ano**.

A Xunta de Galicia pretende con este decreto **impulsar a modernización e a innovación tecnolóxica** co obxecto de potenciar a **mellora da calidade de servizo ofrecido aos cidadáns**, convertendo a Xunta de Galicia nun modelo que sexa referente para o desenvolvemento da Administración electrónica en Galicia e en todos os seus ámbitos.

Os cidadáns teñen que ser os primeiros e principais beneficiarios do acceso electrónico e a Administración queda obrigada a transformarse nunha administración electrónica rexida polo principio de eficacia que proclama o artigo 103 da nosa Constitución e polo artigo 1 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que recolle o antes citado dereito dos cidadáns a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos.

O decreto regula, entre outros:

- » A creación da **sede electrónica da Xunta de Galicia** como canle principal de relación do cidadán coa administración.
- » A creación do **Diario Oficial de Galicia en formato electrónico** como servizo único e de acceso universal.
- » A formalización do **registro electrónico** como nova canle de acceso ao registro xeral.
- » Establécense as funcións de **dixitalización e compulsa electrónica**, a xestión dixital dos procedementos administrativos e documentos electrónicos.
- » Establécense os **medios para a acreditación de cidadáns e empregados públicos** neste novo contexto electrónico.
- » E establece o desenvolvemento de aspectos de cooperación institucional no relativo ao **marco da interoperabilidade**.

### 3. MARCO ESTRATÉXICO

#### 3.1. PRINCIPIOS ESTRATÉXICOS DO PLAN ECONCELLOS

Identifícanse os seguintes Principios Estratéxicos básicos, que se constitúen en características esenciais do plan eConcellos:

**Cooperación.** Base e sustento do resto de principios. A Xunta de Galicia, a través do Plan eConcellos, liderará a coordinación entre administracións co obxectivo de axudar aos concellos con menos recursos a ofrecer os mellores servizos aos cidadáns ao tempo que se reducen os custos dos procesos administrativos.

**Normalización.** A administración electrónica galega debe ofrecer unha percepción homoxénea dos servizos por parte da cidadanía. A racionalización e catalogación dos procedementos locais e a estandarización e normalización dos servizos telemáticos son pezas mestras do desenvolvemento da administración electrónica.



Ilustración: Principios estratéxicos

**Sostibilidade.** É necesario promover e liderar modelos colaborativos entre administracións que doten de viabilidade e sustentabilidade ao desenvolvemento da administración electrónica, especialmente nos concellos pequenos. As ferramentas que se ofrezan deben permitir formar unha comunidade activa que sosteña a compartición de experiencias como base para a mellora continua.

**Integración.** Por unha beira, integrar as iniciativas xa iniciadas nas respectivas provincias para desenvolver un proxecto común que mellore os servizos á cidadanía e ás empresas; e por outra ofrecer un nodo de interoperabilidade que integre as administracións galegas co resto de administracións estatais e europeas.

**Flexibilidade.** As liñas de traballo que se definan no Plan eConcellos deberán ser o suficientemente flexibles como para adaptarse aos distintos escenarios tecnolóxicos e os distintos estados de implantación que actualmente coexisten en Galicia.

### 3.2. OBXECTIVOS DO PLAN

A **misión** do Plan eConcellos é a de apoiar, dinamizar e completar o desenvolvemento dos servizos públicos dixitais e a modernización da administración pública local; ademais de garantir niveis homoxéneos de servizos dixitais para todos os cidadáns, de xeito que se minimize a exclusión por causas territoriais.

Os **obxectivos estratéxicos** que enmarcan o Plan eConcellos pódense resumir en cinco:

- » **Redución do desequilibrio territorial** proporcionando a toda a cidadanía galega a capacidade de acceder a servizos públicos dixitais de calidade, asegurando así a vertebración do noso territorio como elemento de redución do desequilibrio territorial.
- » **Impulso e modernización das Entidades Locais** impulsando os servizos públicos dixitais de calidade e a modernización das Entidades Locais, de xeito que posúan un alto grao de automatización como base dunha xestión administrativa máis eficaz.
- » **Proximidade á cidadanía** facendo a administración máis transparente e próxima á cidadanía e mellorando a interacción co cidadán cunha estratexia multicanle, desenvolvendo a canle telemática e potenciando a presencial.
- » **Mellora dos procesos internos de xestión** aproveitando as novas tecnoloxías e avanzando na simplificación procedimental, como base para a redución de custos e prazos, que deriven nun aumento da competitividade á hora de atraer novas inversións e empresas.
- » **Maximizar a cooperación** para fomentar e apoiar o desenvolvemento da eAdministración, sustentado na visión e actuación global e na coordinación de todos os axentes implicados.

Paralelamente ao desenvolvemento dos servizos e tramitación telemáticos, as administracións deben facer un esforzo na **difusión e dinamización do uso dos servizos dixitais pola cidadanía**, de xeito que as inversións realizadas tomen o valor desexado.

A visión final que a cidadanía debe ter das administracións galegas é duns organismos máis uniformes, accesibles, colaborativos e orientados a responder ás súas necesidades.



Para ofrecer unha visión uniforme é indispensable a interoperabilidade entre as Administracións Públicas galegas, para elo a **Xunta de Galicia actuará como nodo de unión** encamiñando e coordinando a compartición de información e documentos e será a porta de entrada cara as Administracións Públicas estatais.

### 3.3. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

Defínense dúas liñas estratéxicas xerais que abranguen os dous aspectos fundamentais de actuación do Plan; por unha banda a **Relación da Xunta de Galicia cos concellos** e por outra a relación dos propios **Concellos coa Cidadanía**. Cada unha delas composta por diferentes liñas de traballo que serán levadas a cabo lideradas pola Xunta de Galicia para desenvolver as actuacións necesarias para facer da administración electrónica unha realidade e potenciar a cooperación neste senso entre administracións en Galicia.



Ilustración: Liñas estratéxicas

- » **Relación Xunta-Concellos:** O obxectivo da Xunta de Galicia é que os concellos contén cun punto de información e acceso ás iniciativas que estén enmarcadas na relación Xunta-Concellos, neste punto o portal **Eido Local** xoga un papel esencial como portal integrador de dita relación, converténdose nunha canle de comunicación permanente coas EELL e na porta de acceso de numerosos servizos de Administración electrónica.
- » **Relación Concellos-Cidadanía:** As EELL pola súa proximidade aos cidadáns xogan un papel fundamental na relación con estes. As actuacións desta liña están encamiñadas a **simplificar e**

**modernizar** os sistemas de rexistro e atención presencial e **a impulsar o desenvolvemento da administración electrónica nos concellos**, para implantar os procedementos e sistemas necesarios de tal forma que se poidan ofrecer máis e mellores servizos á cidadanía.

- » As áreas de actuación comúns, xa que inflúen en ambas liñas, enmarcan actuacións en **Interoperabilidade, Infraestruturas tecnolóxicas** que aseguren unha alta dispoñibilidade dos servizos telemáticos das entidades locais e **Medidas instrumentais** necesarias para a implantación e sostibilidade do Plan eConcellos. Neste último ámbito destaca a sinatura do **Convenio de Colaboración de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp** para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade autónoma de Galicia, que pon a disposición das EELL un catálogo de servizos para impulsar a modernización nas EELL galegas coa finalidade de garantir aos cidadáns o acceso electrónico aos servizos públicos.

A situación obxectivo que se pretende acadar ten como característica principal a **cooperación entre administracións nun marco de niveis homoxéneos de servizo**. Unha vez acadado un nivel semellante na oferta e calidade dos servizos nas catro provincias poderanse acometer accións conxuntas e desenvolver a interoperabilidade entre as administracións galegas.

## 4. PRINCIPAIS BENEFICIOS DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN

Algúns dos beneficios derivados do Plan eConcellos son:

### Para os cidadáns

- ▶ Mellora substancial dos servizos que se prestan á cidadanía, así como da dispoñibilidade e calidade dos servizos públicos dixitais.
- ▶ Simplificación, modernización e mellora da relación presencial nas EELL, neste senso, contéplase a creación de oficinas de atención presencial ao cidadán da Xunta de Galicia como puntos de autotramitación e consulta dos procesos de xestión coas administracións públicas.
- ▶ Dinamización do uso dos servizos telemáticos.



### Para as EELL

#### » Mellora no traballo diario:



- ▶ Ampliación e mellora dos servizos de apoio ao traballo diario dos concellos galegos.
- ▶ Simplificación e mellora dos circuitos de rexistro tanto propios como concertados.
- ▶ Simplificación, normalización e catalogación dos procedementos das Entidades Locais para facilitar o mantemento e evolución dos mesmos ante novos cambios de normativa.

#### » Desenvolvemento da administración electrónica:

- ▶ Dispoñibilidade dunha rede de conexión entre as administracións galegas que cumpra cos requisitos establecidos na lei 11/2007 para a compartición de información e documentos.
- ▶ Desenvolvemento dunha plataforma de servizos dixitais de calidade para o fomento da administración electrónica.
- ▶ Fomento da interoperabilidade e cooperación entre as administracións públicas galegas.
- ▶ Fomento do uso da canle telemática como vía para a redución de custos dos procesos de contratación pública (Sistemas de Licitación e facturación electrónica, Plataforma de Contratación de Galicia e Rexistro Xeral de Contratistas).
- ▶ Mellora e actualización de equipos servidores e aumento da capacidade de almacenamento.
- ▶ Desenvolvemento da eAdministración nas Administracións Públicas galegas garantindo a uniformidade dos servizos telemáticos.



» Reducción de custos:



- ▶ Redución dos custos de comunicacións das Entidades Locais

» Difusión e formación:

- ▶ Apertura dun punto de información e acceso das iniciativas do Plan referentes ás relacións Xunta - Concellos.
- ▶ Disponibilidade dun espazo onde os concellos poden afianzar a súa presenza na rede e difundir os seus servizos á cidadanía.
- ▶ Mellora dos coñecementos sobre conceptos e ferramentas da eAdministración mediante programas formativos orientados aos distintos colectivos implicados: Políticos, Secretarios e interventores, Cidadáns, Funcionarios, colectivos Colexiados.



» Atención e soporte:



- ▶ Atención e soporte técnico e funcional ás entidades locais a través do CAU e da Oficina eConcellos.

**Os beneficios destinados ás EELL favorecerán a súa modernización e o seu desenvolvemento mellorando e ampliando os seus sistemas e servizos, o que redundará en beneficios para os cidadáns.**

## 5. PROGRAMAS FACILITADORES

As actuacións contidas neste plan están apoiadas en outras actuacións que deben reforzar aspectos de seguridade e infraestruturas, fomento e facilitación do emprego de medios electrónicos na sociedade, e fundamentalmente a cooperación coa administración local.



Ilustración: Programas facilitadores

## 6. SITUACIÓN ACTUAL

Dende a súa aprobación no ano 2010 a Xunta de Galicia ten posto en marcha diversas actuacións no marco do Plan eConcellos. Como exemplos podemos destacar:

- » A sinatura do **Convenio de Colaboración de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp** para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade autónoma de Galicia, que pon a disposición das EELL un catálogo de servizos para impulsar a súa modernización e mellorar a súa xestión interna.
- » A posta a disposición das EELL dos **servizos de identidade dixital**, que permiten obter **de xeito gratuíto**, entre outros servizos asociados, os certificados dixitais necesarios para que as administracións galegas poidan ofrecer os seus servizos aos cidadáns de forma telemática.
- » O impulso á **Plataforma de Contratación de Galicia** para que as EELL publiquen os seus perfís ofrecendo un punto central de acceso á información sobre contratación pública en Galicia, permitindo dar unha maior visibilidade ás ofertas e contribuíndo ao aforro de custos por parte das EELL.
- » A mellora continua do portal **EidoLocal**, para ofrecer máis e mellores servizos que faciliten a relación entre as EELL e a Administración Autonómica e propicien a difusión e promoción de servizos dixitais de cara ao cidadán.
- » A aprobación dun decreto que regula a organización e o funcionamento dos rexistros establecendo un **sistema único de rexistro**, a incorporación de medios electrónicos nos rexistros presenciais que permitan a conversión en dixital da documentación en papel así como o Rexistro electrónico que permite a presentación de calquera escrito ou comunicación a través de medios electrónicos. Con este decreto a Xunta de Galicia dará impulso aos medios electrónicos nos rexistros e simplificará a relación dos cidadáns coa administración á vez que ofrecerá os medios necesarios para que as EELL poidan ofrecer este servizo aos cidadáns.

Aínda queda camiño por percorrer cara ao cumprimento do establecido na Lei de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos. **Dende a Xunta de Galicia estase a traballar para seguir levando iniciativas de administración electrónica e modernización ás EELL galegas dunha forma coordinada e sostible.**



Ilustración: Portais de EidoLocal